

andainas

programación 2013



coñece a costa da morte

camariñas-corcubión-muxía-ponteceso-vimianzo


20
abril

ponteceso

Ponteceso-Corme pola ribeira

PGR148

Saída: Praza do Recheo (10:00 am.)
Remate: Corme (porto)
Distancia: 11,3 quilómetros
Duración: 3 horas (aprox.)
Percorrido: Lineal
Inscripcións: ata 18 de abril.



Andaina costeira na que partiremos da vila de Pondal para dirixirnos cara á praia de Balarés. Durante o percorrido poderemos desfrutar das fermosas vistas da ría de Corme e Laxe, visitaremos a famosa Pedra da Serpe e remataremos na vila do emblemático Faro Roncudo. Aproveitando esta andaina visitaremos tamén o Museo de Arte Contemporánea da Costa da Morte.

4
maio

muxía

Moreira-Nemiña

Saída: Moreira (10:00 am.)
Remate: Nemiña
Distancia: 13 quilómetros
Duración: 4 horas (aprox.)
Percorrido: Lineal
Inscricións: ata 2 de maio.

Touriñán

Moreira

Nemiña



Nesta ocasión realizaremos outra fermosa andaina costeira. Partiremos do pequeno lugar de Moreira, no que hai unha bonita igrexa, e dende aí dirixirémonos ata o Cabo Touriñán, famoso por ser o punto máis occidental de España. Logo dirixirémonos cara á praia de Nemiña, lugar de remate da ruta. Durante todo o percorrido poderemos gozar das fermosas panorámicas que nos ofrece o camiño.

11
maio

vimianzo

Polos montes do Faro


Saída: Praza do concello (10:00 am.)
Remate: Carnés
Distancia: 14,3 quilómetros
Duración: 4 horas (aprox.)
Percorrido: Lineal
Inscricións: ata 9 de maio.

A Fagía
Carnés

Repetidor

Vimianzo

Castro
Barreiras



A de Vimianzo é a única das cinco andainas que non discorre preto da costa, pero non por iso é menos atractiva. Comezaremos visitando o Castro das Barreiras e, tras subir ós montes do Faro e a Vela, poderemos contemplar as fermosas panorámicas do Val de Vimianzo, así coma da ría de Camariñas. Remataremos en Carnés onde visitaremos a Cerca da Faguía, lugar de celebración da festa que leva o seu nome (declarada en 2010 de “interese turístico de Galicia” pola Xunta) e onde poderemos degustar os famosos callos de Carnés.

18
maio

Península de Corcubiión

Saída: Praza de Castelao (10:00 am.)
Remate: Praza de Castelao
Distancia: 14,4 quilómetros
Duración: 4 horas (aprox.)
Percorrido: Circular
Inscricións: ata 16 de maio.



En Corcubiión realizaremos unha andaina percorrendo a súa península. Os principais atractivos da ruta son as fermosas panorámicas do cabo Fisterra, as illas Lobeiras e o monte Pindo. Percorreremos un tramo do Camiño Xacobeo ata a Amarela e visitaremos a igrexa románica de San Pedro e os cabazos de Redonda, algúns deles dipostos formando unha eira.

25
maio

camariñas

Coñece camiños

Sáida: Area da Vila (10:00 am.)
Remate: Area da Vila
Distancia: 14,5 quilómetros
Duración: 4 horas (aprox.)
Percorrido: Circular
Inscricións: ata 23 de maio.

Area
da Vila

Cemiterio dos
ingleses

A Basa



Na andaina organizada en Camariñas teremos a oportunidade de gozar das fermosas vistas costeiras desta vila. A súa ría, o Cemiterio dos Ingleses e o Cabo Vilán serán os verdadeiros protagonistas desta ruta. A xornada rematará no Club Náutico de Camariñas cunha degustación de produtos ofrecida por Industrias Cerdeimar Conservas Boya.



inscricións nos distintos concellos:

**Camariñas
Muxía
Ponteceso
Corcubión
Vimianzo**

**fran.puga@camarinas.dicoruna.es
diego.castineira@muxia.dicoruna.es
turismoponteceso@ponteceso.net
carlos.pazos@corcubion.dicoruna.es
deportes@vimianzo.es**

recomendacións

Dirixido a persoas de tódalas idades a partir de 7 anos.

Ata os 16 anos deben ir acompañados por un adulto.

Recomendable levar roupa e calzado adecuados para o monte .

Os participantes deberán levar unha mochila con

bebida e comida (bocadillo, froita,...) para repoñer forzas durante a andaina.

En tódalas rutas haberá un coche de apoio.

